



Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 108161OFTM	
Código de verificación  6W4M 1H1Q 3J1X 3J67 17KW	Expediente 108/2022/701	
	Data 29-11-2022	

ASUNTO: Acordo interpretativo sobre a Instrución 4/2017, de listaxes de agarda

A Comisión de avaliación e seguimento das listaxes de agarda, prevista no art. 8º da Instrución 4/2017, en sesión celebrada o día 28 de novembro de 2022, acordou o establecer o seguinte:

CRITERIO INTERPRETATIVO

Ante a ausencia de listaxes de agarda de Administrativos/as, de Administración Xeral (C1), e para os casos en que sexa necesario o nomeamento de funcionarios interinos coa citada categoría, a comisión considerou procedente establecer como criterio interpretativo da Instrución, e mentres non exista unha listaxe específica de Administrativos, a posibilidade de utilizar a listaxe de Auxiliares Administrativos/as, aprobada por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 31 de xaneiro de 2019, para a realización de nomeamentos de Administrativos interinos para substitución de baixas por IT ou situación asimilada, sempre que os/as aspirantes aos que lles corresponda por orde de chamamento na listaxe de Auxiliares cumpran os requisitos de titulación para acceder a ditas prazas.

A aceptación destes nomeamentos por parte dos aspirantes será voluntaria e non terá ningún tipo de penalización no caso de non aceptar a proposta de nomeamento.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O Xefe de Servicio de Recursos Humanos

Antonio García Mira